



Política anti-corrupción

14 de noviembre de 2022

Índice

0.	CONTROL DE VERSIONS.....	3
1.	OBJETIVO E ÁMBITO DE APLICACIÓN.....	4
2.	PRINCIPIOS APLICABLES	4
3.	IMPLEMENTACIÓN	5

0. CONTROL DE VERSIÓNS

Versión	Data	Modificacións
01	14 11 22	Versión Inicial. Aprobada polo Consello de Administración

1. OBXECTIVO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

O Obxectivo desta política é reiterar o compromiso de COSMA, S.A. co cumprimento das normas e o desenvolvemento dun comportamento ético nas súas actividades empresariais, atendendo aos principios recollidos no Código Ético e de Conduta nos que non se toleran as actividades de fraude e corrupción e os cales son aplicables a todos os empregados e compañías do grupo, nas que se exerza control directo ou indirecto da xestión.

2. PRINCIPIOS APLICABLES

Co fin de previr a corrupción, COSMA, S.A. desenvolverá todas as súas actividades de acordo con a lexislación en vigor en todos os ámbitos de actuación e en todos os países nos que opera, comprometéndose ao cumprimento dos seguintes principios, recollidos no Código Ético e de Conduta da entidade.

1. **Cumprimento da legalidade e valores éticos.** Cumprir coa lexislación vixente e coa normativa interna, actuando de conformidade cos valores e o Código Ético e de Conduta de COSMA, S.A..
2. **Tolerancia cero antes prácticas de suborno e corrupción.**
 - a. Tolerancia cero: Promover a cultura de loita contra a corrupción e o suborno, quedando prohibido influír na vontade de terceiros co obxectivo de obter vantaxe, trato de favor ou garantía de obtención de prestacións para a compañía.
 - b. Entrega e aceptación de agasallos e invitacións: Evitar a entrega e/o percepción de maneira indebida, directa ou indirectamente, de comisións, pagos, ou agasallos que supoñan algún beneficio de COSMA, S.A. en relación ás súas operacións.
3. **Prevenición de branqueo de capitais e comunicación transparente.** Evitar a realización de pagos e cobranzas en efectivo, vixiando a procedencia e finalidade dos fondos para dar cumprimento ás normas de branqueo de capitais e/o financiamento do terrorismo.
4. **Relación transparente coa comunidade.** Evitar realizar pagos indebidos como pagos de facilitación a funcionarios públicos, doazóns que encubran pagos indebidos, ou financiamentos directos ou indirectos de partidos políticos, representantes ou candidatos.
5. **Conflitos de interese.** Actuar con lealdade e atendendo á defensa dos intereses de COSMA, S.A. , evitando situacións que poidan dar lugar a un conflito entre intereses persoais e os da entidade, xa sexa a través de actividades ou operacións alleas ao grupo xa sexa por ter intereses persoais ou económicos relacionados con transaccións da entidade. En caso de existir conflito de interese este deberá de ser reportado a través das canles habilitadas para iso.
6. **Vixilancia da propiedade e confidencialidade dos datos.** Cumprir con todas as normas relativas á Seguridade da Información e Protección de Datos vixente, seguindo e respectando as medidas da entidade para evitar que externos e empregados poidan ter acceso a información e/o datos para os que non están autorizados.
7. **Rigor no control, a fiabilidade e a transparencia.** Reflected fielmente e de forma adecuada todas as actuacións, operacións e transaccións da Compañía nos libros e rexistros da

mesma, de acordo ao principio de control, fiabilidade e transparencia da información da Compañía.

8. **Extensión do compromiso aos socios no negocio.** Garantir que COSMA, S.A. establece relacións comerciais con socios que acrediten un comportamento ético, e un alto nivel de compromiso que garanta relacións comerciais estables, evitando así a falta de integridade das persoas ou entidades coas que se realizan negocios.
9. **Promoción da formación continua sobre ética e cumprimento,** a todos os empregados/as de COSMA, S.A. , prestando especial atención á loita contra o fraude e a corrupción, así como facilitando os recursos humanos e materiais necesarios para que, se poida realizar o labor de difusión da presente política de maneira eficiente, así como implantar os medios de prevención e detección de actos ilícitos.

No caso de que algún empregado teña constancia ou sospeitas respecto a calquera forma de fraude ou corrupción, deberá comunicalo inmediatamente a través da Canle Ética do Grupo FCC para que, sobre a base do Debido Control, o Compliance Officer de FCC poida comunicar os feitos ao Comité de Cumprimento de FCC e poder iniciar as correspondentes investigacións para o esclarecemento dos feitos.

COSMA, S.A. non tolerará ningunha represalia contra quen, de boa fe, comunique feitos que puidesen constituír un incumprimento desta política ou do Código Ético e de Conduta. Os empregados que infrinxan estas disposicións quedarán suxeitos ás medidas disciplinarias que corresponda, mesmo no seu caso a finalización do contrato, así como outras posibles actuacións e/o sancións legais.

3. IMPLEMENTACIÓN

COSMA, S.A. dispón de varios mecanismos para asegurar a adecuada implantación da Política Anti-corrupción, así como para previr, detectar, investigar e sancionar os casos de fraude e corrupción, entre os que se inclúen:

- **Función de Cumprimento de Aqualia,** que velará polo adecuado funcionamento do Modelo de Prevención Penal, realizando un seguimento da regulación aplicable, dos riscos, da eficacia dos controis e fomentando a cultura de cumprimento.
- **Código Ético e de Conduta** posto ao dispor de todos os empregados de COSMA, S.A., no que se recollen os principios e normas de conduta aplicables e de obrigado cumprimento para todos os empregados de COSMA, S.A..
- **Canle Ética.** Xestionada polo Compliance Officer e o Comité de Cumprimento de FCC, a través da cal os empregados de COSMA, S.A. poden canalizar ou trasladar posibles incumprimentos do Código Ético e de Conduta ou actividades realizadas que supoñan a comisión de ilícitos penais ou actuacións fraudulentas ou corruptas. As notificacións ou denuncias recibidas serán analizadas e investigadas polo Compliance Officer de FCC (para máis detalle ver Proceso de Canle Ética e Proceso de Investigación e resposta).
- **Políticas e procedementos.** Identificación de riscos e controis que pretenden previr a comisión de actos delituosos, e que dado o caso, permitan a COSMA, S.A. eximir de responsabilidade á persoa xurídica.

- **Manifestación de aceptación.** COSMA, S.A. requerirá periódicamente a todos os seus empregados que formalmente manifesten que coñecen e cumpren cos principios establecidos no Código Ético e de Conduta e a Política Anticorrupción e proporcionará a formación necesaria para o entendemento e cumprimento da Política.